

# A proba de dano e a transparencia administrativa. Elemento substancial da reserva da información en materia de seguridade pública

La prueba de daño y la transparencia administrativa. Elemento sustancial de la reserva de la información en materia de seguridad pública

The test of damage and the administrative transparency. Substantial element of the reserve of the information on the subject of public safety

48 Regap

Regap



ESTUDOS E NOTAS

DR. GUILLERMO A. TENORIO CUETO

Secretario académico do posgrao en Dereito da Universidade Panamericana (México)

Catedrático de Dereito á Información

Teoría Política na Escola de Comunicación e na Facultade de Dereito da Universidade Panamericana

Autor de diversos libros e artigos especializados en materia de liberdades informativas

gtenorio@up.edu.mx

Recibido: 24/10/2014 | Aceptado: 22/04/2015

**Resumo:** *A transparencia administrativa así como o dereito de acceso á información pública atopan como limitante de difusión da información aquela cuxo contido pode infrinxir un dano á seguridade pública, á seguridade nacional ou, de ser o caso, aos dereitos de terceiros. Este posible dano non significa unha ferramenta de uso discrecional para a autoridade administrativa, pola contra, debe supor un exercicio regrado que obrigue a unha axeitada fundamentación e motivación do acto negatorio da información. O presente traballo procura propoñer as claves mediante as cales podería perfeccionarse o sistema de transparencia, a partir dunha axeitada conceptualización da chamada “proba de dano”.*

**Palabras clave:** *transparencia, acceso á información, información pública, proba de dano.*

**Resumen:** *La transparencia administrativa así como el derecho de acceso a la información pública encuentran como limitante de difusión de la información aquella cuyo contenido puede vulnerar un daño a la seguridad pública, a la seguridad nacional o, en su caso, a derechos de terceros. Este posible daño no significa una herramienta de discrecionalidad para la autoridad administrativa, por el contrario, debe suponer un ejercicio reglado que obligue a una adecuada fundamentación y motivación del acto negatorio de la información. El presente trabajo busca proponer las claves mediante las cuales podría perfeccionarse el sistema de transparencia, a partir de una adecuada conceptualización de la llamada “prueba de daño”.*

**Palabras clave:** *transparencia, acceso a la información, información pública, prueba de daño*

**Abstract:** *Administrative transparency and the right of access to public information are as limiting dissemination of information whose content may violate harm to public safety, national security or if a third party rights. This may damage not mean a tool of discretion to the administrative authority, to the contrary must be a regulated exercise that requires proper foundation and motivation of the act negatory information. This paper seeks to propose the key by which the system could be improved transparency, from adequate conceptualization of the “damage test”.*

**Key words:** *transparency, access to information, public information, damage test, Accountability.*

**Índice:** *0. Introducción. 1. Seguridade nacional e seguridade pública. 2. Transparencia e procedementos de contratación pública en materia de seguridade. 2.1 Licitación pública. 2.2 Adjudicación directa 3. A proba de dano. 3.1 Marco conceptual sobre “dano” en materia de transparencia e acceso á información. 3.2 Dano presente. 3.3 Dano probable. 3.4 Dano específico. 4. Breve referencia ao modelo español. 5. Conclusións. 6. Bibliografía. 7. Outras fontes.*

## 0 A maneira de breve introdución

O presente traballo ten como finalidade percorrer os camiños da transparencia administrativa a partir da contratación pública e das excepcións a ese principio. Sabemos que a transparencia, dentro do marco das liberdades informativas, perfecciona o sistema democrático dotando de información ao cidadán dun axeitado exercicio no público.

Nese sentido propoño este tema asumindo de inicio que como sucede con outros dereitos e obrigas derivados dos estándares internacionais das liberdades informativas non debemos movernos por absolutos sendo que os devanditos dereitos admiten excepcións. Ese é o caso da seguridade pública e da seguridade nacional.

Estas excepcións non suponen a arbitrariedade ou a discrecionalidade da autoridade, senón que supoñen un exercicio axeitado da responsabilidade do Estado ao momento de contratar. Para efecto das negativas da información propoñemos un sistema fundamentado na chamada “proba de dano”, onde o Estado poida materializar unha axeitada fundamentación e motivación respecto ás negativas da información.

O estudo focalízase no ordenamento xurídico mexicano pero é exportable a calquera realidade xurídica que incorporase un sistema de transparencia administrativa ou un dereito de acceso á información. A chamada “proba de dano” non é privativa do caso de México e pode axudar moito na construción dun sistema non discrecional de acceso á información pública.

De igual maneira o estudo trata de situarse no marco xurídico internacional de protección aos dereitos humanos para a xustificación da chamada “proba de dano” co cal, desde o noso particular punto de vista, fai máis asequible a radicación da mesma en sedes nacionais. Tomouse o caso do sistema interamericano de dereitos humanos que participa activamente en materia de liberdades informativas co sistema europeo.

## 1 Seguridade nacional e seguridade pública

É imperante sinalar que unha política de transparencia acompañada da necesaria creación do dereito de acceso á información pública non supón un exercicio absoluto, é dicir, que este tipo de políticas e de dereitos teñen algunhas limitacións as cales deben estar establecidas axeitadamente no marco constitucional así como na lexislación secundaria.

En materia de liberdades informativas falamos do test tripartito establecido polo estándar internacional de dereitos humanos onde se refire que estas limitacións deben estar claramente previstas pola lexislación e as mesmas deben ser claras e precisas para establecerse como un límite ao exercicio do dereito coidando preponderantemente as ambigüidades ou as inexactitudes.

Nese sentido o marco xurídico interamericano sobre o dereito á liberdade de expresión que publica a relatoría especial para a liberdade de expresión da Comisión Interamericana de dereitos humanos, establece que:

“Segundo foi interpretado pola xurisprudencia interamericana, o artigo 13.2 da Convención Americana esixe o cumprimento das seguintes tres condicións básicas para que unha limitación ao dereito á liberdade de expresión sexa admisible: (1) a limitación debeu ser definida en forma precisa e clara a través dunha lei formal e material, (2) a limitación debe estar orientada ao logro de obxectivos imperiosos autorizados pola Convención Americana, e (3) a limitación debe ser necesaria nunha sociedade democrática para o logro dos fins imperiosos que se buscan; estritamente proporcionada á finalidade perseguida; e idónea para acadar o obxectivo imperioso que pretende lograr”<sup>1</sup>.

Cobra especial sentido sinalar que estas limitacións á liberdade de expresión engloban a todo o sistema das liberdades informativas incluído o dereito de acceso á información e por conseguinte a política de transparencia. Como sabemos, para o sistema interamericano o dereito de acceso á información forma parte integral da liberdade de expresión a través dunha das súas facultades que é a liberdade de investigar, pois a partir da mesma o particular potencia un dereito fundamental fortemente arraigado á consagrada liberdade.

As devanditas limitacións constituirán un marco xurídico claro, preciso e sobre todo orientado ao logro de obxectivos imperiosos e con finalidades claramente establecidas. Nese sentido entender estas limitacións como unha carta aberta para o lexislador ou para a administración sería un absurdo. Elas constitúen para a política de transparencia un papel protagonista sempre e cando se establezan baixo os estándares axeitados.

Unha das máis típicas limitacións da política de transparencia e do dereito de acceso á información ten que ver coa seguridade nacional e a seguridade pública. Nese sentido por exemplo a Lei de acceso á información pública gobernamental e de protección de datos persoais de México establece como información reservada o seguinte

Artigo 13. Como información reservada poderá clasificarse aquela cuxa difusión poida:

I. Comprometer a seguridade nacional, a seguridade pública ou a defensa nacional;

Como podemos observar aínda e cando o concepto se atopa referido na lei sería complexo que xa na práctica puideramos deixar ao arbitrio de calquera funcionario público a posibilidade de interpretar os conceptos de seguridade nacional e de seguridade pública pois ao mellor desde a súa perspectiva moita da información que el manexa puidera concibirse como información reservada por motivos de seguridade nacional ou seguridade pública.

1 Marco Xurídico Interamericano sobre o dereito á liberdade de expresión, Relatoría especial para a liberdade de expresión, Comisión Interamericana de Dereitos Humanos, OEA, 2010, p. 24.

Sabemos que o concepto de seguridade nacional e o de seguridade pública supoñen aspectos distintos, por tal motivo abordaremos nas liñas seguintes unha aproximación ao concepto de seguridade nacional e posteriormente distinguiremolo do de seguridade pública. Para cada un deles abordaremos como a política de transparencia impacta nos devanditos conceptos e como o dereito de acceso á información pode atopar resquicios para a súa acción.

Refire Ernesto Villanueva que a seguridade nacional é un destes conceptos dos que adoitan denominarse “conceptos xurídicos indeterminados”, é dicir, que teñen diversas significacións<sup>2</sup> e que por iso pode prestarse a confusións. Malia iso e en consecuencia do referido en liñas anteriores sobre a claridade e a precisión da lei en canto ás limitacións sobre as liberdades informativas, cómpre referir que o Estado debe darse á tarefa de xerar definicións que nos permitan establecer que debemos entender por seguridade nacional e como a mesma se pode ver ameazada pola revelación de determinada información.

No caso mexicano xa vimos que a lei de acceso á información nos refire que a información se pode clasificar como reservada cando comprometa a seguridade nacional. Nese sentido non define o concepto e moito menos pretende facelo. O certo é que o Estado Mexicano xera a través da Lei de Seguridade Nacional unha serie de ameazas que se ben é certo non inciden directamente na construción dun concepto si permiten aproximarnos a entender que tipo de actos poden constituir unha ameaza ao devandito concepto.

Nese sentido a referida Lei de seguridade nacional refire no seu artigo 5 as ameazas á mesma, entendendo por elas:

- I. Actos tendentes a consumir espionaxe, sabotaxe, terrorismo, rebelión, traición á patria, xenocidio, en contra dos Estados Unidos Mexicanos dentro do territorio nacional;
- II. Actos de interferencia estranxeira nos asuntos nacionais que poidan implicar unha afectación ao Estado Mexicano;
- III. Actos que impidan ás autoridades actuar contra a delincuencia organizada;
- IV. Actos tendentes a quebrantar a unidade das partes integrantes da Federación, sinaladas no artigo 43 da Constitución Política dos Estados Unidos Mexicanos;
- V. Actos tendentes a obstaculizar ou bloquear operacións militares ou navais contra a delincuencia organizada;
- VI. Actos en contra da seguridade da aviación;
- VII. Actos que atenten en contra do persoal diplomático;
- VIII. Todo acto tendente a consumir o tráfico ilegal de materiais nucleares, de armas químicas, biolóxicas e convencionais de destrución masiva;
- IX. Actos ilícitos en contra da navegación marítima;
- X. Todo acto de financiamento de accións e organizacións terroristas;

---

2 VILLANUEVA, “Dereito de acceso...” *op. cit.* p. LXXI.

- XI. Actos tendentes a obstaculizar ou bloquear actividades de intelixencia ou contraintelixencia, e
- XII. Actos tendentes a destruír ou inhabilitar a infraestrutura de carácter estratéxico ou indispensable para a provisión de bens ou servizos públicos.

De igual maneira, a referida Lei de seguridade nacional no seu artigo 51 permítenos aproximarnos a ela a partir do dereito de acceso á información e refire que, ademais das ameazaxa descritas con anterioridade, se considerará información reservada a seguinte:

- I. Aquela cuxa aplicación implique a revelación de normas, procedementos, métodos, fontes, especificacións técnicas, tecnoloxía ou equipos útiles, á xeración de intelixencia para a seguridade nacional, sen importar a natureza ou a orixe dos documentos que a consignent, ou;
- II. Aquela cuxa revelación poida ser empregada para actualizar ou potenciar unha ameaza.

Como referiamos con anterioridade, se ben é certo a lei non nos dota dunha definición sobre o concepto si nos aproxima a unha serie de actos (ameazaxa) e información, que constitúen unha ameaza á seguridade nacional. Nese sentido o Instituto Federal de Acceso á Información e Datos Personais elaborou os lineamentos xerais para a clasificación e desclasificación da información das dependencias e entidades da administración pública federal, tratando de propoñer unha serie de variables nas cales o servidor **público puidese** establecer unha primeira aproximación á seguridade nacional.

Nese sentido os devanditos lineamentos refiren no artigo 18 que:

“A información clasificarase como reservada nos termos da fracción I do artigo 13 da Lei, cando se comprometa a seguridade nacional, isto é, cando a difusión da información poña en risco accións destinadas a protexer a integridade, estabilidade e permanencia do Estado Mexicano, a gobernabilidade democrática, a defensa exterior e a seguridade interior da Federación, orientadas ao benestar xeral da sociedade que permitan o cumprimento dos fins do Estado constitucional”<sup>3</sup>.

Baixo esta óptica observamos catro variables que alertan ao funcionario sobre a posible vulneración á seguridade nacional no revelado de información, que son a) a integridade, estabilidade e permanencia do Estado Mexicano, b) a gobernabilidade democrática, c) a defensa exterior e d) a seguridade interior da Federación;

Cada unha destas variables representa unha ameaza, dano ou vulneración á seguridade nacional en diversos aspectos. Nese sentido a primeira delas, que é a integridade, estabilidade e permanencia do Estado Mexicano, pode ser vulnerada a través de dúas accións, que son:

- a) Menoscabar ou lesionar a capacidade de defensa do territorio nacional, entendendo como tal o establecido no artigo 42 da Constitución Política dos Estados Unidos Mexicanos, por outros estados ou suxeitos de dereito internacional, ou

<sup>3</sup> Lineamentos xerais para a clasificación e desclasificación da información das dependencias e entidades da administración pública federal. Ao respecto, e xa de maneira sistemática, pódese consultar o Marco Teórico Metodolóxico do Instituto de Acceso á Información e Datos Personais do ano 2003.

- b) Quebrantar a unidade das partes integrantes da Federación sinaladas no artigo 43 da Constitución Política dos Estados Unidos Mexicanos<sup>4</sup>.

Sobre o particular o Marco teórico metodolóxico do IFAI refire como posibles exemplos de documentos que puidesen encadrarse nestes supostos os seguintes:

- a) Documentos con información sobre o despregamento táctico e operativo das forzas armadas no territorio nacional.
- b) Documentos con información sobre operacións militares e navais.
- c) Documentos con información que xere unha expectativa de dereito sobre o territorio nacional para un suxeito de dereito internacional<sup>5</sup>.

A este respecto paréceme oportuno agregar que a revelación de documentos deberá incluír as adquisicións, compras, alienacións ou contratacións que o Estado realice en materia de seguridade nacional, como por exemplo:

- a) Documentos con información sobre a contratación de equipo destinado a operacións militares ou de seguridade nacional con finalidade de defensa.
- b) Documentos con información dos provedores de equipo destinado a operacións militares ou de seguridade nacional con finalidade de defensa.
- c) Documentos con información sobre a construción de inmobles destinados á defensa da seguridade nacional.
- d) Documentos con información sobre provedores de insumos de inmobles destinados á defensa da seguridade nacional.

A segunda das variables que mencionan os lineamentos sobre seguridade nacional é a Estabilidade Institucional, que supón unha serie de accións que:

“poñen en risco as accións destinadas a protexer a estabilidade das institucións da Federación cando a difusión da información poida afectar a integridade física das máximas autoridades dos tres Poderes da Unión e dos órganos con autonomía constitucional, que no caso do Poder Executivo Federal son o Presidente dos Estados Unidos Mexicanos, os Secretarios de Estado e o Procurador Xeral da República”<sup>6</sup>.

Neste caso, o Marco teórico metodolóxico do IFAI refire como exemplos os seguintes casos:

- a) A revelación de datos persoais ou detalles sobre as actividades privadas das máximas autoridades dos poderes da Unión e os seus familiares.
- b) Información sobre determinadas rutas de transportación das autoridades; información persoal sobre aqueles que integran a súa escolta ou equipo de seguridade<sup>7</sup>.

---

4 *Idem.*

5 *Idem.*

6 *Idem.*

7 *Idem.*

A terceira das variables que contemplan os Lineamentos aos que vimos facendo referencia é a que ten que ver coa gobernabilidade democrática. Nese sentido establécese que se vulnera a seguridade nacional a través desta variable cando a información poida:

- a) Impedir o dereito a votar e a ser votado, ou
- b) Obstaculizar a celebración de eleccións federais<sup>8</sup>.

É claro que para esta variable, o obxecto de protección está cinguido aos asuntos electorais pois para efectos da consolidación democrática e a estabilidade das mesmas institucións democráticas é fundamental que non se vulneren os principios reitores desta. Nese sentido refírense como exemplos de vulneración á seguridade nacional os seguintes:

- a) A revelación de información que poida impedir a expedición de credenciais de elector ou que permita falsificalas
- b) A información que permita acceder ao sistema informático de contabilización de votos co propósito de alterar os resultados electorais<sup>9</sup>.

As dúas últimas variables propostas polos lineamentos teñen que ver coa defensa exterior e interior da Federación. Nese sentido entendemos que se pon en risco a defensa exterior cando:

“a difusión da información poida obstaculizar ou bloquear as accións de prevención ou defensa que leva a cabo o Estado Mexicano fronte a outros estados ou suxeitos de dereito internacional”.

A este respecto, considérase como un bo exemplo de información a protexer a seguinte:

- a) Información táctica ou estratéxica sobre as instalacións, proxectos e accións militares ou navais relacionadas co Plan DN-1 de Defensa e a Armada<sup>10</sup>.

Como xa referíamos, a última das variables é a relativa á defensa interior que se porá en risco cando, derivado da difusión da información, se poida:

- a) Obstaculizar ou bloquear operacións militares ou navais contra a delincuencia organizada;
- b) Obstaculizar ou bloquear actividades de intelixencia ou contraintelixencia;
- c) Menoscabar ou dificultar as estratexias ou accións contra a delincuencia organizada;
- d) Menoscabar ou dificultar as estratexias para combater a comisión dos delitos contra a seguridade da Nación, previstos no Código Penal Federal;
- e) Destruir ou inhabilitar a infraestrutura de carácter estratéxico a que se refiren os parágrafos cuarto e sétimo do artigo 28 da Constitución Política dos Estados Unidos Mexicanos;

8 *Idem.*

9 *Idem.*

10 *Idem.*

- f) Destruír ou inhabilitar a infraestrutura de carácter indispensable para a provisión de bens ou servizos públicos de auga potable, vías xerais de comunicación ou servizos de emerxencia, ou
- g) Obstaculizar ou bloquear accións tendentes a previr ou combater epidemias ou enfermidades exóticas no país segundo o disposto polo artigo 73 fracción XVI.2.a) da Constitución Política dos Estados Unidos Mexicanos.

Sobre este particular refírense como exemplos os seguintes:

- a) Información sobre instalacións de dependencias con atribucións de seguridade interior.
- b) Información sobre testemuñas e informantes de actividades do crime organizado que estean ao servizo do Estado Mexicano.
- c) Información sobre as rutas de transportación de narcóticos e os operativos nelas.
- d) Plans para desarticular grupos dedicados ao narcotráfico, ao roubo de vehículos, lavado de diñeiro, contrabando de bens ou ao tráfico de persoas.
- e) Información sobre a operación de infraestrutura de telecomunicacións, a enerxía, os transportes, os sistemas de auga potable e os servizos de emerxencia, excluindo a relacionada cos custos e gastos de operación correntes, de adquisición ou de mantemento.
- f) Información detallada sobre operativos encubertos ou sorpresivos de erradicación e de intercepción (terrestre, aérea e anfibia) antinarcóticos e/ou o combate ao crime organizado.

Estas catro variables que nos formulan os lineamentos non deben significar unha carta aberta para o gobernante onde pretenda eludir o principio de máxima publicidade, pola contra, e en consecuencia dos estándares internacionais, constitúense como auténticas situacións excepcionais pois propóñense como aspectos que permiten preservar a estabilidade e integridade tanto da nación como das institucións que a protexen.

En practicamente todas as potestades delegadas do Estado, atoparemos información que colinde con estas variables e por iso, desde a construción do sistema, establécense unha serie de mecanismos de transparencia que buscarán non colindar con elas. Nese sentido, as chamadas “obrigas de transparencia” constitúen o réxime principal e xeral de todas as institucións públicas delegadas que compoñen o Estado.

As variables que vimos referindo, constitúen o réxime excepcional en materia de seguridade nacional e deben adecuarse e corresponderse á regra xeral do principio de máxima publicidade en tanto sexa posible. Sabemos que iso pode inclusive manifestarse ao momento da clasificación da información cando só algunha parte, algunha páxina ou algún parágrafo é o que contén información reservada, sendo nese momento a parte que quedará clasificada como reservada mentres que, todo o resto do documento, deberá ser entregado na chamada “versión pública”.

Nas páxinas posteriores falaremos de como estas vulneracións á seguridade nacional deberán plasmarse a partir dun elemento conceptual moi importante que é a chamada proba de



dano, onde poderemos propoñer unha elaboración axeitada de como consolidar este réxime de excepción sen a vulneración ao principio de máxima publicidade.

O segundo dos conceptos que tomamos a partir do artigo 13 da Lei Federal de Transparencia e Acceso á información pública e protección de datos persoais, é o referido á seguridade pública.

Por seguridade pública, en termos do artigo 21 da Constitución Política dos Estados Unidos Mexicanos, debemos entender aquela función do Estado que comprenda prevención dos delitos, a investigación e persecución para facela efectiva, así como a sanción das infraccións administrativas. Esta función a cargo da Federación, os Estados, o Distrito Federal e os Municipios, estará orientada por diversos principios que son: legalidade, obxectividade, eficiencia, profesionalismo, honradez e respecto aos dereitos humanos<sup>11</sup>.

Sabemos tamén que a seguridade pública se distingue da seguridade nacional a partir do seu obxecto. Nese sentido entendemos que aquela ten como centro de protección os bens xurídicos de toda persoa que vive dentro do Estado<sup>12</sup>. Nese sentido a distinción atópase xustamente aí, pois a seguridade nacional ten un obxecto de estudo máis ambicioso que é o Estado e as súas institucións.

Nese sentido Jorge Fernández Ruiz refírenos que o concepto de seguridade pública:

“...constitúe unha expresión polisémica e anfibalóxica, dados os seus diversos significados e variadas interpretacións pois é o mesmo un dereito dos integrantes da poboación do Estado que unha actividade obrigatoria do Estado, cuxa realización garantirá o devandito dereito; sentido este último no que existe confusión na orde xurídica mexicana porque malia que se trata dunha función pública, erroneamente considéraselle tamén un servizo público...”<sup>13</sup>.

Pola súa parte Augusto Sánchez Sandoval refire que:

“A seguridade pública cumpre a función conservadora da orde social, con base nunha orde xurídica que controle o poder e norme as súas relacións cos cidadáns e destes entre si. É dicir, a existencia e permanencia dunha orde públic e dunha orde privada como condición necesaria para a vida social. Así a seguridade pública constitúese na manifestación da acción governamental, exercida para salvagardar a integridade, intereses e bens das persoas, e das entidades públicas e privadas”<sup>14</sup>.

Como podemos apreciar a seguridade pública engloba en si mesma a seguridade cidadá e a orde pública, isto debido ao sistema mixto que o noso país asumiu. Nese sentido Ignacio Carrillo refire que esta idea mixta é debida a que o noso sistema “xunto coas instancias policiais públicas concorren as de seguridade privada, que son complementarias e auxiliares

11 Artigo 21 da Constitución Política dos Estados Unidos Mexicanos.

12 Nese sentido o Marco Metodolóxico do IFAI do ano 2003 refírese a que se considerará vulnerada a seguridade pública cando a información revelada poña en perigo a integridade das persoas así como a orde pública.

13 Cfr. FERNANDEZ RUIZ, Jorge, “*Seguridad pública municipal*”, FUNDAP, México, 2003.

14 Cfr. SANCHEZ SANDOVAL, Augusto, “*Derechos humanos, seguridad pública y seguridad nacional*”, INACIPE, México, 2000, p. 83

das primeiras e que non poden en forma ningunha entenderse substitutivas, polo que prevalecerá en materia de seguridade privada respecto da seguridade pública”<sup>15</sup>.

Ao igual que sucede coa seguridade nacional, a seguridade pública é abordada polos lineamentos de clasificación xerais para a clasificación e desclasificación da información das dependencias e entidades da Administración Pública Federal a través de dúas variables.

Nese sentido os devanditos lineamentos no seu artigo 19 refiren que se comprometerá a seguridade pública “cando a difusión da información poña en perigo a integridade e os dereitos das persoas, así como a orde pública”<sup>16</sup>.

A primeira variable será a integridade e dereitos das persoas. A devandita variable actualizarase cando a información outorgada permita:

- a) Menoscabar a capacidade das autoridades de seguridade pública para preservar e resgardar a vida ou a saúde das persoas;
- b) Afectar o exercicio dos dereitos das persoas, ou
- c) Menoscabar ou dificultar as estratexias para combater as accións delituosas distintas da delincuencia organizada.

Nese sentido o xa citado Marco teórico metodolóxico do IFAI refírenos como posibles exemplos ao outorgar información sobre:

- a) Investigacións sobre bandas do crime organizado.
- b) Accións futuras para controlar a actividade delinencial nunha zona xeográfica determinada.
- c) Información sobre auxilio a persoas ameazadas por algún perigo ou que foran vítimas dalgún delito.

A segunda das variables que se consideran en materia de seguridade pública é a orde pública, que poderá poñerse en perigo cando:

- a) Entorpecer os sistemas de coordinación interinstitucional en materia de seguridade pública;
- b) Menoscabar ou dificultar as estratexias contra a evasión de reos;
- c) Menoscabar ou limitar a capacidade das autoridades para evitar a comisión de delitos, ou
- d) Menoscabar ou limitar a capacidade das autoridades encamiñadas a disuadir ou previr disturbios sociais que puidesen desembocar en bloqueo de vías xerais de comunicación ou manifestacións violentas.

Ao respecto dos exemplos da información que puidese poñer en perigo a orde pública serían:

---

15 Cfr. CARRILLO PRIETO, Ignacio, “Policía y estado democrático de derecho”, PORRUA, México, 2004, p. 13.

16 “Lineamentos...”, *op. cit.* p. 19.

- a) Información obtida por intercambio das diferentes dependencias dedicadas á seguridade pública do país e que estea por producir a captura de integrantes de grupos delituosos.
- b) Información sobre os códigos de encriptación da Rede Nacional de Telecomunicacións e as súas frecuencias exclusivas para a seguridade pública.
- c) Información sobre o Centro Nacional de Información e Telecomunicacións (CNIT) ou C\$-Nacional, que alberga o sistema nacional de información e o Centro de control, Comando, Comunicación e Cómputo da Rede IRIS, permitindo o intercambio de información das bases de datos de maneira segura<sup>17</sup>.

Como podemos apreciar, o marco referencial para establecer o tipo de información que se encontra susceptible de ser clasificada con motivo de seguridade pública ou seguridade nacional, queda claramente definida non só polos supostos previstos pola lexislación da materia senón tamén polas normas explicativas e documentos de traballo que o órgano garante estableceu para a materia.

Unha vez que establecemos un marco conceptual referencial da política de transparencia e acceso á información e logo de ter abordado dous dos supostos de clasificación da información que máis comunmente se presentan, xa sexa na discusión académica ou xa sexa no labor ordinario do servizo público, pasemos a un seguinte apartado onde veremos como estas causas de clasificación poden presentarse no día a día do fluxo informativo a través da celebración de contratos públicos.

## 2 Transparencia e procedementos de contratación pública en materia de seguridade

Para efectos deste apartado decidimos establecer unha primeira diferenciación entre os procedementos licitatorios e os procedementos de adxudicación directa referindo en cada un deles os efectos da transparencia de cara aos aspectos de revelación de información en materia de seguridade.

### 2.1 Licitación pública

O primeiro dos procedementos dos que falaremos será a licitación pública como instrumento da administración para contratar bens e servizos.

Sinala Manuel Lucero que a licitación:

- a) É un procedemento, dado que se compón dunha serie de actos regulados polas normas administrativas.
- b) Ten como finalidade seleccionar á persoa, física ou xurídica, coa cal haberá de celebrar un contrato determinado a administración pública.

<sup>17</sup> Marco teórico... *op. cit.* p. 56.

c) Selecciona quen ofreceu as condicións máis vantaxosas para a administración pública<sup>18</sup>.

Pola súa parte Carlos Delpiazzo, refire que é:

“...un procedemento relativo ao modo de celebrarse determinados contratos, cuxa finalidade é a determinación da persoa que ofrece á Administración condicións máis vantaxosas; consiste nunha invitación aos interesados para que, suxeitándose a unhas determinadas bases, chamadas pregos de condicións, formulen propostas das cales a Administración selecciona a máis vantaxosa, e todo o procedemento inspírase para acadar a finalidade buscada, nos principios de igualdade e cumprimento estrito ao prego”<sup>19</sup>.

Nese sentido, refire Luis José Béjar, existen diversos principios que irradian a este procedemento como son a publicidade, a concorrencia, a igualdade, a transparencia e a oposición<sup>20</sup>, todos eles destinados ao pertinente desenvolvemento do procedemento que non só ten como finalidade a contratación do ben ou servizo determinado senón tamén que a Administración e, en último caso o Estado, demostre a optimización de recursos na contratación dos referidos insumos.

Para o caso que nos ocupa centrarémonos en dous dos principios referidos, por un lado no principio de publicidade e por outro no principio de transparencia.

O principio de publicidade deste tipo de procedementos atopa o seu asento conceptual vinculado á tarefa primixenia do estado democrático. Queda claro que un dos elementos matrices deste tipo de Estados é a publicidade dos seus actos, entendida esta como a capacidade comunicativa que ten o Estado de nutrir o espazo público<sup>21</sup>, é dicir, que mediante o principio de publicidade dos actos os Estados son susceptibles non só de coñecemento senón de crítica racional que permite unha axeitada valoración da toma de decisións<sup>22</sup>.

O proceso licitatorio encóntrase impregnado da devandita publicidade pois o obxecto do mesmo será que sexa coñecido para a posible participación de quen desexe participar, así como que as propostas recibidas pola Administración Pública sexan coñecidas por todos para avaliar que a elección que se fixo para unha determinada adquisición dun ben ou servizo obedece á lóxica de optimización de recursos e mellora na calidade do ben ou servizo de que se trate.

Este principio de publicidade abeira á administración pública a iso: a elixir axeitadamente na maior vantaxe para ela. Esta publicidade deberá ser concretada a través da difusión da convocatoria, bases, procedemento e, en xeral, toda a información que a mesma lei indique e enche o carácter publicitario que a rodea. Non perdamos de vista que o principio de publicidade orienta esta difusión tendo dúas finalidades claramente definidas que son, por un lado, a capacidade de coñecemento do cidadán respecto á elección que levará a cabo a

18 Cfr. LUCERO, Manuel, “*La licitación pública*”, 2ª ed. México, Porrúa, 2002, p. 9.

19 Cfr. DELPIAZZO, Carlos, “*Contratación administrativa*”, Universidad de Montevideo, Montevideo, 1999, p. 119.

20 Cfr. BEJAR, Luis José, “*Curso de Derecho Administrativo*”, NOVUM, México, 2012, pp. 294 e ss.

21 Cfr. TENORIO CUETO, Guillermo, “*Derecho a la información*”, Porrúa, México, 2009, p. 26.

22 *Idem*.

administración pública e, polo outro, a lexitimidade mesma do procedemento de cara aos concursantes.

Hai autores como Juan Carlos Cassagne que fusionan este principio de publicidade co de transparencia<sup>23</sup>, aínda que para efectos deste traballo seguiremos a distinción, a efectos de amosar un carácter diferenciador entre un e outro.

A licitación pública tamén está impregnada do principio de transparencia, é dicir, que non só se atega dunha publicidade que permite aos concursantes participar nela e observar que o procedemento se encha axeitadamente senón que permite ao cidadán entender a lóxica do Estado en canto á canalización e optimización dos recursos que se empregan para a substanciación do procedemento así como a contratación de bens e servizos.

